

Laboratorio Ecosocial do Barbanza

Ribeira, a 18 de xuño de 2021

Reunido o **Comité de Selección da Convocatoria de Proxectos Semente** do Laboratorio Ecosocial do Barbanza, na súa primeira edición, integrado por

Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA), entidade coordinadora do Laboratorio Ecosocial do Barbanza

- Manuel Rodríguez López (Secretario do Comité)
- Adrián Capelo Cruz

Grupo HISTAGRA da Universidade de Santiago de Compostela, entidade investigadora do Laboratorio Ecosocial do Barbanza

- Lourenzo Fernández Prieto (Presidente do Comité)
- David Soto Fernández
- Francisco García Quiroga
- David Fontán Bestilleiro
- Ricardo Suárez García

e grazas ás aportacións da **Fundación Banco Santander**, entidade cofinanciadora do Laboratorio Ecosocial do Barbanza, e dun **Consello Asesor** composto por investigadores das universidades galegas e asesores expertos na promoción do desenvolvemento rural,

tras avaliar as 15 propostas presentadas, decidiu conceder as axudas da presente convocatoria aos seguintes proxectos semente:

- **Máis ca leña**
Promove: Comunidade de Monte Veciñal en Man Común “O Feitoso” de Taragoña, Rianxo
- **Establecemento dunha gandería extensiva de vacún de carne nas brañas de Laíño**
Promove: María Teresa Freiría Baleirón, Dodro
- **Comprender e transformar o territorio dende a biocultura**
Promove: Instituto de Educación Secundaria Félix Muriel, Rianxo

As entidades que integran o Laboratorio Ecosocial do Barbanza —Fundación Rede de Innovación Arousa (RIA), grupo HISTAGRA da Universidade de Santiago de Compostela, Fundación Banco Santander e Cátedra Juana de Vega— agradecen a todas as persoas e entidades que participaron nesta convocatoria o seu interese na iniciativa e felicitan aos beneficiarios das axudas por lograren superar con éxito o proceso de selección desta convocatoria.

O Comité de Selección, unha vez finalizadas as súas actuacións, resolveu poñer fin á primeira Convocatoria de Proxectos Semente do Laboratorio Ecosocial do Barbanza, dando por concluídas a vixencia e actuación do presente Comité de Selección, disolvéndose a tal efecto.



O Secretario, Manuel Rodríguez López




O Presidente, Lourenzo Fernández Prieto

Cofinancia



Coordina



Investiga



Apoia

